MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTIVIDADES QUE SE PREVÉ DESENVOLVER NO ANO 1995

Denominación:

Plan Socio-Comunitario de Prevención e Reinserción do Barrio de Vite.

Proxecto de intervención comunitaria, baseada nunha actuación global e coordenada de estructuración social do barrio na perspectiva de mellorar a calidade de vida do conxunto dos veciños; incidindo de xeito especial nos sectores con problemáticas sociais máis acuciantes. Neste senso, cobra especial relevancia a problemática relativa ás drogodependencias.

Poboación á que se dirixe:

O Plan Socio-Comunitario, na súa globalidade, diríxese a toda a poboación do barrio, inda que logo dentro do mesmo, hai programas concretos dirixidos a diversos sectores, que se especifican en cada caso.

O Barrio de Vite é un polígono de vivendas sociais que xurde como tal na década dos setenta, para acoller o crecemento da poboación na Cidade.

É un barrio de Santiago de Compostela, cidade de servicios, administrativa e universitaria. Está situado no noroeste da mesma, entre os edificios administrativos de San Caetano e o Campus norte da Universidade.

Concentra unha alta taxa de poboación sen arraigo no barrio, xa que é inmigrada de zonas rurais ou de outros barrios tradicionais da Cidade. Actualmente ten aproximadamente 8.000 habitantes. Dáse un alto porcentaxe de matrimonio novos, sendo a proporción de nenos/as e mozos/as elevada, sobre todo nas fases construídas máis tarde.

É común o baixo nivel cultural. A cualificación profesional é escasa, maioritariamente traballadores, do sector servicios fundamentalmente.

A estructura urbanística tanto do barrio como dos bloques de vivendas non favorece a intercomunicación entre os veciños, inda que se mellorou moito nas zonas de espallamento.

Data de inicio de funcionamento:

O Plan Socio-Comunitario de Vite é a concreción práctica no barrio do "Plan de Prevención e Tratamento da Delincuencia Xuvenil en Compostela"; proxecto elaborado en Xuño de 1987, a nivel de toda a Cidade. Foi posto en funcionamento no noso barrio en Outubro dese ano 1987.

Dende o ano 1.990 está integrado no Plan Autonómico sobre Drogodependencias da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Horario de Funcionamento:

Dado que se trata dun proxecto de intervención comunitaria, centrado no desenvolvemento

de actividades de dinamización e organización social, non hai un horario xeral de funcionamento. Si que existe, por suposto, un horario definido en cada unha das actividades realizadas, ó cal se fai referencia na descrición de cada unha delas.

Obxectivos que se pretende acadar e metodoloxía:

O "Plan Socio-Comunitario de Prevención e Reinserción do Barrio de Vite" debe entenderse como unha actuación contra os factores que tenden a desestructurar a comunidade, a consagrar un reparto desigual da participación e do benestar social e a segregar ós sectores con menos capacidade e posibilidades para adaptarse ó ritmo social imperante.

O obxectivo xeral é, pois, facilitar o desenvolvemento dun proceso de estructuración social do barrio, que permita ir acadando unha mellor calidade de vida para o conxunto dos veciños e que posibilite incidir na mellora das situacións de marxinalidade; onde tódolos veciños esteamos fondamente implicados, premisa importante, tanto na labor preventiva, como na de reinserción social.

As liñas metodolóxicas seguidas veñen definidas pola metodoloxía do traballo social comunitario. Neste senso, está maioritariamente aceptado que este é o que ten por obxecto a comunidade. Un matiz básico que se lle engade é que o suxeito dese traballo debe ser tamén a propia comunidade. Esto implica asumir, constantemente e sen paliativos, o principio de participación, desenvolvendo o mesmo operativamente, activando a capacidade auto-organizativa da comunidade.

Este modelo de referencia supón determinadas liñas que contextualizan a actuación:

- As accións concretas e os programas puntuais deben estar enmarcados nun horizonte global de actuación, baseado no desenvolvemento autocentrado da comunidade.
- O groso da actividade desenvolvida debe estar asentado nas propias forzas e recursos "normais" da comunidade. Estes compre que estean organizados e coordenados, para que o seu aproveitamento sexa óptimo.
- É importante dedicar esforzos que permitan avanzar cara a superación dos hábitos de dependencia xeneralizados na poboación, mediante programas de información activa e de educación social.
- Débese concebir este traballo como ferramenta de solidariedade, postergando, en función dilo, a concepción eficacista empeñada do logro de resultados tanxibles, independentemente do xeito de acadalos.
- A participación, a comunicación, a superación de prexuízos e actitudes segregadoras, o incremento da concienciación, xuntamente co fortalecemento dun tecido social vivo e capaz de reaccionar fronte as necesidades emerxentes, deben ser fins en si mesmos; aínda que non sexan tan doados de medir nun momento determinado de xeito inmediato.
- Complementariamente co anterior, compre non esquecer a importancia de orientar o traballo nun senso socialmente eficaz, encamiñado a mellorar a calidade de vida, avanzando no benestar social de toda a poboación.

Este deseño supón que a actuación dos servicios públicos que desenvolven o seu traballo no barrio debe estar interrelacionada entre si e tamén coa comunidade organizada, participando activamente nos programas concretos a realizar, acadando unha actuación plenamente imbricada no barrio.

Por outra parte, os profesionais necesarios para traballar no desenvolvemento do Plan Socio-Comunitario (que a Administración debe poñer ó servicio dos veciños), deben ubicarse a carón dos procesos comunitarios, traballando dende e coa comunidade. Neste senso, está amplamente demostrada a total ineficacia dos equipos técnicos que pretenden traballar na

comunidade "teledirixidos e soltados en paracaídas metidos nunha cápsula". Tamén é necesario que os profesionais teñan presente que non leva a nada positivo ter a pretensión redentora de ser a "vara máxica" da solución da marxinación social.

Partindo desta orientación, entendemos que non debe existir unha organización funcional propia do Proxecto, senón, pola contra, este debe asentarse na propia estructura organizativa veciñal. Así, o Plan Socio-Comunitario de Vite depende, funcionalmente, da **Coordenadora de Barrio**. Nela defínense as liñas de actuación, realizase o seguimento da intervención e avalíanse os resultados acadados; sen prexuízo de que a tutela formal do mesmo corresponda a Asociación de Veciños "Polígono de Vite".

Avaliación dos obxectivos e metodoloxía da mesma:

Os grandes obxectivos xerais do Plan Socio-Comunitario, están definidos a longo prazo, dada a complexidade da súa consecución. Neste senso, a avaliación de resultados tanxibles, nun momento determinado do proceso, resultan dificilmente cuantificables. De todo-los xeitos, cunha perspectiva de medio prazo, pódese contrastar o avance cualitativo no conxunto da comunidade cara a acadar os mesmos.

Si que resultan contrastables e avaliables, de inmediato e a curto prazo, os resultados dos diversos programas concretos e das actividades que se veñen desenrolando nos distintos ámbitos de actuación do Plan Socio-comunitario.

O proceso de avaliación vense facendo na Coordenadora de Barrio, dende unha perspectiva globalizadora para que os programas concretos sexan significativos. Previamente, faise nas distintas comisións, en relación cos programas concretos que desenvolve cada unha delas. Neste proceso partimos de tres momentos distintos:

- Primeiro unha avaliación inicial, logo da experiencia e coñecemento previo do barrio, a partir dos que baseamos os programas concretos de actuación a pór en marcha.
- O longo do proceso, vense facendo unha avaliación continua dende a Comisión de Traballo correspondente, recollendo e sistematizando información a través da observación participante e o análise do mesma, que permita axustar as actividades que se veñen desenvolvendo, reorientando ou modificando en cada intre o que maioritariamente se considere oportuno dende a Coordenadora de Barrio; o que nos permite non perder a perspectiva de globalidade do Plan Socio-Comunitario.
- Por outra banda, realízase unha avaliación final, onde se analiza o grado no que se acadaron os obxectivos concretos definidos e as intencións que tiñamos plantexadas anualmente, a partir dos cales defínense novamente obxectivos. E volta a comenzar co proceso.

Criterios xerais de funcionamento:

O Plan Socio-Comunitario de Vite depende funcionalmente da Coordenadora de Barrio, onde están integradas as entidades sociais e os servicios públicos do barrio. Na mesma defínense os obxectivos, aprobase a planificación do traballo, faise o seu seguimento e avalíanse os resultados acadados en relación cos obxectivos definidos. Dela depende tamén o Equipo técnico.

Por outra parte a Coordenadora está estructurada en diversas comisións de traballo: Educación, Socio-Laboral, Tempo Libre, Saúde, Deporte e Consello de Redacción; nas que están integrados membros das entidades máis directamente implicadas en cada tema e outros veciños a nivel individual e tamén algún dos membros do Equipo técnico. Das mesmas dependen as

distintas actividades.

Dende os comenzos do Plan, vimos contando co apoio dun Consello Asesor, no que están integrados, de xeito desinteresado, diversos profesionais da área social e educativa da Cidade. Reúnese periodicamente con membros da Coordenadora, contrastando o labor desenvolvido en cada intre.

De principio, definíronse dous niveis de intervención interrelacionados entre si, que se seguen mantendo: Un nivel Preventivo e outro de Reinserción ou Incorporación Social. Tamén vimos diferenciando tres áreas de actuación: Unha xenérica, de ***Ámbito Comunitario***; outra centrada no ***Ámbito Escolar***; e unha terceira específica referida ós mozos/as en situación de risco social, que recolle o ***Ámbito Socio-Laboral.***

Recursos materiais e humanos necesarios:

O Plan Socio-Comunitario de Vite, xurde do propio movemento asociativo veciñal e depende funcionalmente da Coordenadora de Barrio, esto permite aproveitar mellor os recursos e axuntar esforzos nunha perspectiva comunitaria.

De tódolos xeitos os recursos materiais resultan moi escasos, principalmente a nivel de locais para desenvolver toda a actividade prevista, o que limita a programación dun maior número de actividades, tendo en conta que o chamado "Centro Socio-Cultural" municipal ubicado no barrio non está a disposición dos veciños. Neste senso, precisariamos un novo local máis amplo.

Os recursos humanos, a pesares da implicación das entidades e dos veciños, resultan moi limitados para afrontar a continuidade de varias das actividades programadas, facéndose precisa a contratación de máis persoal, concretamente varios monitores.

Cadro de persoal:

Continuando co mesmo esquema de traballo de anos anteriores, o cadro de persoal esta constituído por tres profesionais contratados pola Asociación de Veciños "Polígono de Vite".

Estes son:

- María Rosa ÁLVAREZ PRADA, Psicóloga.- Leva traballando neste Proxecto dende a seu inicio, no ano 1987. Actualmente continua desenvolvendo o mesmo, primordialmente no ámbito escolar, en relación co Instituto "Xelmírez II"; e no ámbito comunitario, no referente o "Proxecto Educativo do Barrio": Escola Dinámica de Adultos e Aula Aberta de Educación".
- Xosé LÓPEZ GÓMEZ, Educador Social.- Incorpórase ó Plan en Outubro de 1.988. Na actualidade continua realizando o seu traballo fundamentalmente no ámbito socio-laboral: Ocupacional, de formación e de reinserción social; e no ámbito comunitario en relación coa organización social da comunidade, e ás áreas de deporte e saúde.
- Xesús IGLESIAS BOTANA, Animador Socio-Cultural.- Intégrase no Equipo en Decembro de 1.992. O seu labor primordial continua sendo no ámbito comunitario, en relación coa dinamización das actividades de tempo libre e coa información e o asociacionismo xuvenís.

Previsión de ampliación de persoal:

Os recursos humanos, a pesares da implicación das entidades que forman a Coordenadora e dos veciños en xeral, resultan moi limitados para afrontar a continuidade de varias das actividades programadas, as cales requiren un certo nivel formativò e de coñecementos, que en moitos casos se veu "salvando" a base de voluntarismo, tanto por parte dos voluntarios que dedican moitas horas o Plan Socio-Comunitario, como por parte do persoal contratado. Esta situación, durante unha tempada aguantase, pero a larga resultará perxudicial. Incluso, no momento actual, é negativo no senso de que a labor de coordinación e dinamización dos procesos, moitas veces queda en segundo plano, atrapados pola propia dinámica de actividades.

A sobrecarga de traballo sobre o persoal que traballa no Plan Socio-Comunitario de Vite é evidente, basta simplemente darlle un vistazo á memoria de actividades que se están desenvolvendo a cotío.

Este feito dáse dun xeito especial en relación co "Proxecto Educativo do Barrio", motivo polo cal consideramos imprescindible afrontar a contratación de monitores, concretamente tres: Un para levar a Escola de Adultos, e dous para as Aulas de Apoio. Por outra parte resulta tamén imprescindible a contratación do animador socio-cultural que ven traballando asiduamente.

O problema principal que temos para afrontar estes contratos é a limitación presupostaria. Neste senso, a saída que vemos, en relación co Plan Autonómico sobre Drogodependencias é, por unha parte, un incremento notable da subvención, acorde co grado de consolidación do Programa e co volume de actividades desenvolvidas; e por outra, un maior arroupe de cara a xestionar posibles apoios de outras instancias da Administración.

OBXECTIVOS CONCRETOS PARA 1995

Como liña xeral prantexámonos a consolidación do funcionamento das actividades que se foron poñendo en marcha en anos anteriores, dándolles continuidade, na medida das posibilidades, evitando que se queden en feitos puntuais illados. En concreto, dun xeito prioritario:

- Fortalecer o nivel de información, asesoramento e formación dirixido a toda a poboación do barrio: Por unha banda, consolidar o "***Punto de Información Xuvenil***", e por outra recuperar a elaboración e distribución do Periódico do barrio.
- Consolidar o desenvolvemento do "***Proxecto Educativo do Barrio***", no seu conxunto: Escola Dinámica de Adultos e Aula Aberta de Educación".
- Consolidar o programa de Educación para a Saúde na Escola. Tentar de darlle unha cobertura global dende o barrio, a través das diversas plataformas que veñen funcionando e das. actividades continuadas das mesmas; en estreita colaboración co Centro de Saúde do barrio.
- Manter un gran nivel de actividades socio-culturais e de tempo libre, dirixidas a todo-los sectores da poboación do barrio, e dun xeito especial ós nenos/as e mozos/as. Continuando coa labor de integración nas mesmas dos veciños que presentan algún problema de inadaptación social.
- Continuar promovendo iniciativas de ocupación, asesoramento e formación laboral que posibiliten unha cualificación profesional da mocidade do barrio o máis axeitada posible. facendo fincapé nos veciños con maiores dificultades de integración derivada das diversas problemáticas sociais.
- Fortalecer o nivel organizativo das entidades do barrio e da propia Coordenadora. Profundizar na consolidación do Proxecto no barrio.

ACTIVIDADES A REALIZAR EN 1995

Partindo do criterio primordial de manter actividades de carácter continuado, plantexámonos, fundamentalmente, e na medida das posibilidades, consolidar o funcionamento das iniciativas que ó longo dos anos se foron pondo en funcionamento, e que na actualidade están en marcha en cada un dos ámbitos de actuación definidos:

ÁMBITO COMUNITARIO

** Punto de Información Xuvenil*

Posto en funcionamento a finais do pasado ano, como tal Punto. Depende da Rede de Información Xuvenil da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, e será levado polos membros da Asociación de Tempo Libre "Ollomol" e depende, funcionalmente da Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio, dende a que se pretende apoiar a súa consolidación.

Esta dirixido fundamentalmente á facilitar a información que en xeral interese a toda a mocidade do barrio. En principio, ten un funcionamento diario de luns a venres, en horario de 16 a 17 horas, e os venres de 20 a 22 horas, no Local Social da Coordenadora de Barrio.

** Programa de Radio*

Temos previsto manter o programa radiofónico semanal "Curriculum Vite", emitido dende Radio Kalimero, emisora da Residencia Universitaria "Burgo das Nacións".

Durante este ano, si é posible tecnicamente, pretendemos abrir unha nova liña radiofónica que inclúa a comunicación telefónica cos ointes para que permita a participación directa nos programas de tódolos veciños do barrio.

Esta actividade continuará dependendo do Consello de Redacción da Coordenadora de Barrio.

** Periódico do Barrio*

Pretendemos retomar a elaboración, edición e distribución en cada unha das vivendas e locais do barrio do periódico "Curriculum Vite", cunha periodicidade bimensual e cunha tirada de 2000 exemplares.

A elaboración e edición do mesmo seguirá sendo responsabilidade do Consello de Redacción da Coordenadora de Barrio, que recollerá todas as informacións, artigos, etc das distintas entidades e servicios do barrio, das comisións de traballo e dos veciños en xeral.

** Biblioteca Popular*

Unha vez rematada a catalogación dos libros, que se está a facer na actualidade, e superados os problemas de infraestructura, temos previsto pór en funcionamento a Biblioteca Popular do Barrio. En principio os Sábados, logo, na medida das posibilidades do local ampliaríase pola semana. Por outra parte, continuamos abertos a tódalas donacións de exemplares para a mesma, tanto dos particulares, como das editoriais e institucións, continuando as xestións neste senso.

Estará ubicada no Local Social da Coordenadora de Barrio, e o seu funcionamento dependerá da Comisión de Tempo Libre da mesma.

** Escola Dinámica de Adultos*

No presente curso 1994-95, ven funcionando con tres grupos distintos: Alfabetización;

Educación Primaria e Graduado Escolar. Funciona regularmente de luns a xoves, no Local Social da Coordenadora de Barrio, ademais das actividades complementarias ó longo do ano, dirixida a tódolos veciños do barrio interesados. O seu seguimento faise dende a Comisión de Educación da Coordenadora.

E unha actividade que ven funcionando dende Xaneiro de 1992, con moi bos resultados, a pesar da falla total de apoio específico por parte da Administración o que motivou que teña que ser levada por unha das persoas contratadas para o desenvolvemento xeral do Proxecto.

Pretendemos manter o seu funcionamento, pero a súa posta en marcha de cara o vindeiro curso 1995-96, dependerá de si logramos dispor de recursos económicos para afrontar a contratación dun monitor que se faga cargo da mesma, de xeito que poida funcionar diariamente para dar resposta a demanda.

** Aula Aberta de Educación*

Xunto coa Escola de Adultos, forma parte dun ambicioso proxecto, polo que vimos loitando dende o ano 1.991, o ***"Proxecto Educativo do Barrio de Vite"***

No mes de Outubro do 1994 púxose en funcionamento o programa ***Aulas de Apoio*** dirixidos a todos os rapaces e rapazas do barrio interesados que se inscribiron previamente, tendo que abonar unha cota mínima mensual, que nos casos de imposibilidade económica familiar, son becados pola Asociación de Veciños.

Este programa, limitado pola falla de recursos económicos e de infraestructura é unha parte importante do programa orixinal: "Aula Aberta de Educación" e ten as mesmas características. O seu marco de referencia é a educación en toda a actividade humana co fin de desenrolar aspectos do individuo que polo xeral pasan desapercibidos. Consta de tres apartados complementarios:

* Traballar cos participantes os contidos das clases regradas, estando dirixido a todo-los niveis do ensino non universitario.
* Facilitar asistencia individualizada psico-pedagóxica: Técnicas de Estudio. Seguimento e tratamento de diversas problemáticas de aprendizaxe, etc.
* Desenvolver Obradoiros de: Manualidades. Educación Medio-ambiental e ecoloxía. Música tradicional: elaboración e aprendizaxe de instrumentos. Expresión oral e literaria. Expresión corporal. Medios de comunicación. Teatro-Mimo. etc., coa intención de, a partir dos mesmos ir camiñando cara a constitución no barrio de grupos estables en cada tema, ou ben que os rapaces se poidan ir integrando nos grupos xa existentes.

Durante o presente curso 1994-95 está en funcionamento unha boa parte do mesmo, gracias o voluntarismo do persoal que o está levando. Onde está máis limitado é no relativo ós obradoiros. Ven funcionando de luns a venres, en horario de 17'15 a 19'15 horas, e sábado de 11 a 13 horas, no Local Social da Coordenadora e no Local Social da Residencia Universitaria "Burgo das Nacións".

O seu seguimento faise dende a Comisión de Educación da Coordenadora de Barrio.

De cara o vindeiro curso pretendemos abarcar o programa no seu conxunto. para cal cómprenos contar coa posibilidade de poder contratar un mínimo de dous monitores.

** Escola Aberta de Xadrez*

Temos intención de retomar o seu funcionamento dada a boa acollida que tivo, manténdose no Local Social da Coordenadora, os venres, en horario de 19 a 21 horas, dirixida

fundamentalmente a nenos e nenas do barrio.

É unha actividade levada pola Comisión de Tempo Libre da Coordenadora. Estamos xestionando a posibilidade de contar cun monitor que se faga cargo da mesma.

** Deporte a Mediodía*

Por cuarto ano consecutivo, temos en marcha competicións deportivas coa intención de darlle continuidade ó longo do ano á práctica do deporte, fundamentalmente dirixida a aqueles nenos/as e mozos/as que nos están integrados en equipos que participan xa en diversas competicións.

En principio, ata o mes de xuño, as únicas horas de utilización do Polideportivo Municipal concedidas polo Concello son de 12 a 14, os martes, xoves e venres, motivo polo cal, vémonos obrigados a seguir cun horario tan inadecuado.

Dende a Comisión de Deportes da Coordenadora de Barrio, que é a encargada da actividade, trataremos de lograr que, a partir de Outubro, nos concedan un horario mellor e máis amplo, que non limite tanto a participación.

** Discoteca "Light"*

Por terceiro ano consecutivo, e logo da boa acollida que tivo, continuaremos con esta actividade, polo menos mentres non sexa derribado o Pavillón Social da Residencia Universitaria "Burgo das Nacións", onde ven funcionando.

O seu horario seguirá sendo o mesmo; os Sábados: de 19 a 21 horas dirixida os menores de 14 anos; e de 22 a 24 horas para os maiores de 14 anos.

Levada pola Asociación Xuvenil "Vite", o seu seguimento faise dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora.

** VII Festa Ecolóxica*

Dirixida a todo-los veciños do barrio, como en anos anteriores, terá lugar a comenzos da primavera, en principio, o día 2 de Abril. Marcará o reinicio das actividades medio ambientais que se desenvolven ó longo do ano nos obradoiros, saídas, etc.

A súa programación corresponde a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora.

** IV Colonias de Verán*

Como en anos anteriores, están dirixidas ós rapaces/as do barrio menores de 14 anos. Este ano, debido á gran demanda desta actividade, e de cara a lograr unha mellor adaptación das idades nas actividades que conforman as Colonias, tense previsto realizalas en dúas quendas: unha para os menores e outro para os maiores, sendo a barreira os 11 anos.

Terán lugar durante o mes de Xullo, nun lugar da costa, aínda sen determinar, debido a que se están facendo as xestións precisas neste senso.

A organización e seguimento das mesmas farase dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio, e o seu desenvolvemento será levado, como en anos anteriores, polos monitores da Asociación de Tempo Libre "Ollomol".

** VIII Semana de Cine o Aire libre*

Actividade xa histórica no barrio. Terá lugar no mes de Setembro, entre os días: 4 e 8, servindo como antesala da Olimpíada e lazo de unión entre as dúas festas patronais que se celebran no barrio nesas datas.

A súa organización, como nos últimos anos, correrá a cargo da Comisión Organizadora da Olimpíada, pois forma parte da mesma; e ademais coincide coas datas de inscrición nas competicións deportivas.

** IV Olimpíada Deportivo-Cultural*

Concibida como a festa do deporte e a cultura do barrio, previa ó comenzo do curso académico e como punto de arranque de toda a actividade socio-cultural e deportiva no barrio ó longo do mesmo.

Terá lugar durante as tres últimas semanas de Setembro, inaugurándose o día 11 e clausurándose o día 1 de Outubro. Está dirixida a tódolos veciños do barrio, ainda que pola experiencia de anos anteriores, maioritariamente participan os nenos/as e mozos/as. Na mesma haberá gran diversidade de actividades para tódolos gustos e tódalas idades.

Para a súa organización constituirase, como en anos anteriores, unha comisión específica da Coordenadora, o "Comité Organizador da IV Olimpíada de Vite", dada a complexidade que presenta. Esta estará aberta a incorporación dos veciños interesados.

** Actividades nas conmemoracións tradicionais*

Como en anos anteriores, temos intención de realizar diversas actividades nas datas significativas ó longo do ano: Entroido, Letras Galegas, San Xoan, Magosto, Nadal, etc., sempre dun xeito aberto a tódolos veciños e cun marcado carácter participativo e comunitario.

Todas estas actividades son levadas pola Comisión de Tempo Libre da Coordenadora.

Con este mesmo sentido, faremos as participacións da Lotería do Nadal e o Almanaque para 1996, que se distribuirá por tódalas vivendas e locais do barrio.

** Organización Social*

De cara a profundizar nas perspectivas, tanto a nivel global como na súa repercusión nos programas concretos, temos previsto realizar unhas **Xornadas de Traballo**, sobre o pasado, presente e futuro do Plan Socio-Comunitario, dirixidas a todos os veciños do barrio interesados.

ÁMBITO ESCOLAR

** No Colexio de EXB de Vite*

A pesar de que, na actualidade, continúan as dificultades coa dirección do Colexio para levar a cabo unha intervención continuada, logramos, a través da Asociación de Pais de Alumnos, e logo de superar múltiples dificultades, que fose aprobada no Consello Escolar a proposta de levar a cabo no Colexio diversos obradoiros, xogos, etc. diariamente, dirixido a todos os alumnos, e dun xeito específico, a aqueles que non están integrados en outras actividades extraescolares.

Esta actividade, comenzará a principios de ano, sendo diaria, de 17 a 18 horas no Colexio de EXB Vite. Está levada polo Animador Socio-Cultural, e o seu seguimento faise dende a Comisión de Educación da Coordenadora.

O seu principal obxectivo é chegar a todos aqueles rapaces que presenten algunha problemática social, familiar, etc.; para poderlles facer un seguimento posterior tanto do rapaz como da súa familia e favoreces a súa integración nas actividades do barrio máis adecuadas en cada caso.

** No Instituto de Bacharelato "Xelmírez II"*

Pretendemos levar a cabo o programa de actuación aprobado no Consello Escolar do Centro a comenzos do curso 1994/95 centrado na prevención do fracaso escolar, en colaboración co Departamento de Orientación do Instituto e con toda a comunidade educativa, dándolle continuidade a labor desenvolvida no curso anterior. Partindo da memoria do mesmo, a proposta aprobada para desenvolver no presente curso, é a seguinte:

- Seguir a liña de colaboración nas actividades que se realicen dende o **Departamento de Orientación** do Centro, cos Titores e co profesorado en xeral.
- Asesorar e prestar axuda técnica ó profesorado na súa función titora.
- Continuar fomentando a participación dos alumnos/as nas actividades propias do Centro escolar, contribuíndo a que todos/as conquiran a súa integración. O mesmo, tamén nas actividades que se realizan dende o Barrio.
- Asesorar ós alumnos e ós seus pais sobre as posibilidades de estudios e perspectivas profesionais.
- Facer o seguimento dos alumnos que abandonan o Centro sen rematar os estudios; tratando de orientalos sobre outras alternativas escolares ou laborais.
- Continuar coa labor de orientación e intervención psicoeducativa dos casos de alumnos/as con necesidades especiais.
- Promover unha maior participación e cooperación dos pais na educación dos alumnos/as; facilitándolle asesoramento sobre temas pedagóxicos, innovacións educativas, etc.
- Proporcionar asesoramento e orientación, tanto ós pais como ós propios alumnos/as que presenten algunha problemática de tipo social, escolar, psicolóxica, etc.
- Desenrolar un **Programa de Técnicas de Estudio** para todo-los alumnos/as dos cursos do Centro; así como, paralelamente, outro dirixido ós pais.
- Traballar conxuntamente co profesorado temas de formación de interese pedagóxico. Estase traballando o tema da Avaliación.
- Colaborar, xuntamente co profesorado e contando co apoio do Centro de Saúde do

Barrio, na marcha do **Programa de Educación para a Saúde** no Centro posto en funcionamento este curso, logo da boa acollida dos programas puntuais desenvolvidos no pasado curso.

Toda esta actividade no Instituto continuará sendo levada pola Psicóloga contratada. O seu seguimento seguirase facendo dende o Consello Escolar, en todo o relativo ó Centro; e dende a Comisión de Educación da Coordenadora, en relación co barrio.

ÁMBITO SOCIO-LABORAL

** Taller Ocupacional Pre-Laboral*

Por unha parte pretendemos manter en funcionamento o Taller tal como viña funcionando coa elaboración de material para unha empresa da cidade, en horario de 9 a 15 horas, dirixido ós mozos/as do barrio con especiais dificultades de adaptación as normas do mundo laboral, co obxectivo principal de educar ós participantes no cumprimento dun horario e dunhas normas de funcionamento.

Por outra parte, dende o propio Taller pretendemos pór en marcha unha nova iniciativa laboral, ofertar ás empresas da Cidade un grupo de persoas dispostas a facer traballos puntuais, para o cal sirve como contacto o teléfono do Local Social da Coordenadora en horario do Taller.

O obxectivo desta nova iniciativa é abrir un novo campo de actuación no mundo laboral que, por unha banda permita ocupar os baleiros que deixa a dinámica propia do taller; e por outra sirva de estímulo fronte ó "acomodamento" que se da en algún caso dos participantes do Taller, que logo dun período prudencial de tempo, non se plantexa outro tipo de alternativa laboral.

Paralelamente, temos previsto continuar coa labor de educación de rúa e co seguimento individualizado e familiar dos mozos/as en situación de risco social, encamiñada a tratar de encauzar as súas espectativas. Traballo que se ben facendo dende os comenzos do Proxecto con resultados moi positivos, tendo en conta as dificultades propias do tema.

** Formación Ocupacional*

Temos previsto continuar coa posta en marcha iniciativas de **formación pre-laboral** dirixidas ós mozos/as do barrio. Logo do cursiño realizado o pasado ano con uns óptimos resultados, pretendemos, para este ano, realizar catro, para o cal pensamos solicita-los a Consellería de Familia Muller e Xuventude. Dous dos cales: Un de fontanería e outro de calefactores, irían dirixidos a un grupo de mozos/as do barrio, sen titulación académica, nin cualificación profesional, pretendendo, a partir do mesmo, potenciar o xurdimento dunha alternativa de autoemprego. Os outros dous: Un de Programador de Ordenadores e outro novamente de Monitores de Tempo Libre, dirixidos a complementar a formación de mozos/as do barrio, de xeito que lles permita acadar esta titulación e lles facilite o camiño para acadar o seu primeiro emprego.

A actividade a desenvolver neste ámbito seguirá sendo coordenada polo Educador contratado. O seguimento continuarase facendo dende a Comisión Socio-Laboral da Coordenadora de Barrio.

Santiago de Compostela, Xaneiro de 1.995